

CALENDARIO PLAN DE INVESTIGACIÓN E AVALIACIÓN ANUAL NO DOUTORAMENTO CURSO 2020-2021

Obxecto:

Esta convocatoria ten como obxecto harmonizar o procedemento e os prazos para a avaliación anual dos doutorandos e doutorandas, matriculados nos estudos de doutoramento no curso 2020-2021 en calquera dos programas regulados polo Real Decreto 99/2011. Para a avaliación anual, valorarase o desenvolvemento do Plan de Investigación, así como o Documento de Actividades do doutorando ou doutoranda.

Requisitos:

É requisito indispensable para realizar a avaliación anual ter o Plan de Investigación aprobado.

Trámites:

Para efectuar este procedemento, establécense os seguintes trámites:

- 1) Os doutorandos e doutorandas deben subir a través da súa Secretaría Virtual as actividades relacionadas co desenvolvemento da súa formación doutoral, realizadas no curso 2020-2021. As actividades realizadas a partir do 30 de xuño, computaranse no informe anual do curso 2021-2022.
- 2) O perfil autorizado debe:
 - a) aprobar ou rexeitar as actividades realizadas polos seus doutorandos e doutorandas, e
 - b) realizar a través da Secretaría Virtual o informe de avaliación, unha vez consultados, de ser o caso, todos os axentes implicados na labor de titorización e dirección de tese do doutorando ou doutoranda.
- 3) A CAPD debe realizar a avaliación dos doutorandos e doutorandas matriculados no seu programa. No caso de avaliación negativa, esta deberá ser debidamente motivada. O resultado da avaliación trasladarase á aplicación informática, quedando dispoñible aos doutorandos e doutorandas a través da súa Secretaría Virtual.
- 4) Os doutorandos e doutorandas poderán efectuar alegacións á súa avaliación. As alegacións, xunto coa documentación xustificativa asociada, dirixiranse ao presidente/a da CAPD, e presentaranse a través do enderezo institucional do programa de doutoramento dentro dos prazos previstos nesta convocatoria. Tamén poderán presentarse, xunto coa documentación xustificativa asociada, naqueles lugares indicados no artigo 16.4 da lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste último caso, ademais, o/a solicitante deberá achegar a copia das alegacións (escaneada en pdf) unha vez selada polo órgano correspondente ao enderezo institucional do programa de doutoramento, indicando no corpo do correo o lugar onde presentou a solicitude.

5) Resolución de alegacións pola CAPD. A resolución das alegacións comunicarase ao doutorando ou doutoranda ao correo electrónico ou enderezo indicado por este/a. Contra esta resolución da CAPD non caberá recurso. No caso de que tras as alegacións se cambie o sentido da avaliación anual, esta trasladarase á aplicación informática, quedando dispoñible aos doutorandos e doutorandas a través da súa Secretaría Virtual.

Efectos:

Os doutorandos e doutorandas que tiveran avaliación anual negativa no curso 2019-2020, e teñan de novo avaliación negativa no curso 2020-2021 causarán baixa no programa.

Os doutorandos e doutorandas que tiveran avaliación negativa por primeira vez no curso 2020-2021, serán novamente avaliados no vindeiro curso 2021-2022 nas datas que se determinen, e de ser esta nova avaliación negativa, causarán baixa no programa.

Prazos

- Plan de Investigación

Os doutorandos e doutorandas matriculados por primeira vez no curso 2020/21 teñen o seguinte prazo límite para presentar a través da súa Secretaria Virtual o seu Plan de investigación:

- **8 de abril de 2021**, para os doutorandos e doutorandas matriculados na primeira convocatoria.
- **2 de xullo de 2021**, para os doutorandos e doutorandas matriculados en segunda convocatoria.

- Incorporación de actividades no documento de actividades correspondentes ao curso 2020/21: prazo límite para todos os doutorandos e doutorandas 25 de xuño.

- Calendario avaliación anual curso 2020/21

	Doutorandos/as continuación e de inicio matrícula en 1ª convocatoria	Doutorandos/as inicio matrícula en 2ª convocatoria
Perfil autorizado: informe actividades, avaliación anual	2 xullo	10 setembro
CAPD: avaliación anual	9 xullo	17 setembro
Doutorando/a: Alegacións informe desfavorable	16 xullo	24 setembro
CAPD: Resolución alegacións	23 xullo	30 setembro